

Programa - “ II Xornadas Internacionais con Iván Salgado ”

<p>21 de Xuño Venres</p>	<p>12.00 horas: (Sede: Sala de Prensa “Casa do Chocolate” da Xunta de Galicia en Ourense)</p> <p>Presentación das Xornadas Internacionais aos medios informativos, coa presenza do 7 veces campión de España, o Gran Mestre Iván Salgado, representantes da Secretaria Xeral para o Deporte, Concello de Ourense, Delegada Provincial da Xunta de Galicia en Ourense, representantes federativos e da entidade organizadora.</p>
<p>21 de Xuño Venres</p>	<p>19:30 horas: (Sede: Salón de Actos “Casa do Chocolate” da Xunta de Galicia en Ourense)</p> <p>“Master Class” – Conferencia do 7 veces campión de España de Xadrez, Iván Salgado: “Os meus enfrontamentos ante os campións do mundo”</p> <p>Iván Salgado escollerá varias das súas partidas máis exemplares ante os mellores xadrecistas do mundo, (tamén o seu enfrontamento ante Magnus Carlsen do pasado decembro de 2018). Iván analizará aspectos deportivos, psicolóxicos e técnicos de varias e interesantes das súas partidas ante campións mundiais, tentando acehgar aos afeccionados os seus procesos de reflexión e de toma de decisións nos momentos clave destas partidas de alto nivel internacional. .</p> <p>Aproximadamente 50 prazas (con invitación), que incluírá dereito ás preguntas dos asistentes, sinatura de autógrafos, fotos co 7 veces campión de España e finalmente un sorteo entre todos os asistentes a disputar unha partida de xadrez “relámpago” cronometrada, con Iván Salgado e un dos espectadores (Presenza de T.V. e medios gráficos)</p>
<p>22 de Xuño Sábado</p>	<p>11:30 horas: (Sede: Salón de Actos “Casa do Chocolate” da Xunta de Galicia en Ourense)</p> <p>Encontro Internacional de Xadrez: “Selección Ourenšana vs. Combinado Internacional”</p> <p>Encontro Internacional entre unha Selección de xadrecistas ourensáns, (Comandada por Iván Salgado), ante a un combinado Internacional de xadrecistas, Xogaranse tres enfrontamentos a diferentes ritmos de xogo, (lento: 30 minutos + 30 seg. Xogada, rápido: 10 min. +3 seg. Xogada e Blitz: 3 min. + 2 seg. Xogada)</p> <p>O Combinado titular de cada conxunto incluírá como máximo a 3 titulados internacionais, e deberá alinear obrigatoriamente, nas súas ringleiras a unha xadrecista, e un xogador/a Xuvenil, Cadete, Infantil, Alevín, Benxamin (S-18 / S-16 / S-14 / S-12 / S-10). Con presentación e saque de Honra a cargo das autoridades presentes.</p> <p>*Ao longo da mañán realizaranse concursos e sorteáranse numerosos premios entre o público asistente, (entrada libre)</p>
<p>22 de Xuño Sábado</p>	<p>19:00 horas: (Sede : Espazo aberto da Praza de San Antonio, Parte Superior) ***</p> <p>*** En caso de condicións meteorolóxicas adversas, terá lugar no Centro Cívico de A Ponte a partir das 18.00 horas</p> <p>Exhibición de Xadrez Simultáneo: “O Reto Olímpico”</p> <p>Actividade de exhibición na que o G.M. Iván Salgado e O M.I. André Ventura (ambos olímpicos e internacionais coas súas respectivas seleccións nacionais), se enfrontarán simultaneamente a decenas de xadrecistas (afeccionados ourensáns e galegos, veteráns e xóvenes, iniciados e federados), nunha vistosa actividade cronometrada na que os especialistas asumirán O RETO de superar a todos os seus rivais, simultaneamente, dentro dunha espectacular modalidade, na que deberán combinar o proceso de reflexión do xadrez cunha gran rapidez de movementos, para chegar a tempo a todos e tentar superar a todos os adversarios.</p> <p>Está prevista no espazo público da Praza de San Antonio, (Nivel Superior da praza, Próximo Av. de Bos Aires) ***, serán premiados todos os que consigan gañar ou empatar algunha partida ante os campións (vales para material deportivo e electrónico), sinatura de autógrafos dos protagonistas, fotos cos campións, sorteo de regalos, algunhas sorpresas, etc...</p>
<p>23 de Xuño Domingo</p>	<p>11.00 horas: (Sede: Expourense)</p> <p>“II Torneo Individual de Xadrez Relámpago”</p> <p>(O torneo contará coa presenza do 7 veces campión de España o G.M. Iván Salgado, e coa presenza “en aberto” de un cupo que complete ata 50 xadrecistas por orde de inscrición).</p> <p>Posteriormente, terá lugar a entrega de premios aos gañadores do torneo de “Xadrez Relámpago”, e posterior Clausura das Xornadas Internacionais coa presenza destacada de Iván Salgado, así como dos representantes da Secretaria Xeral para o Deporte e do Concello de Ourense, entre outras autoridades, organizadores e colaboradores.</p>